

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO

“CAMBADOS RUTAS XACOBEAS CAMIÑO DE SANTIAGO.” .

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 12º da orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal do citado proxecto, promovido polo concello de CAMBADOS e subvencionado pola antedita consellería.

A DATA LÍMITE DE INICIO do proxecto será o **30 de decembro**.

AS PRAZAS que se convocan son as seguintes :

Director/a Xornada completa

Titor/a,a Xornada: completa

Persoal Administrativo a xornada completa

Experto/a docente en XARDIÑERÍA- FORESTAL.AGAO0108/AGAR0309. Nivel 1

Experto/a docente en ALBANERÍA . EOCB0109/EOCB0208. Nivel 1

Persoal Administrativo a xornada completa

Segunda.- FUNCIONES DOS POSTOS DE TRABAJO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.



- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

Terceira.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES

Unha vez finalizado o proceso selectivo procederase a formalizar o contrato de traballo cos candidatos seleccionados e que tiveran aceptado o posto.

Os contratos serán temporais por obra ou servizo por unha duración igual a do proxecto, e por 9 meses, cunha xornada a tempo completo e os que lles será aboado as retribucións que se establecen na Base decimo segunda.

Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
5. Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego

b) REQUISITOS MÍNIMOS: os previstos nos baremos anexos a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión ou exclusión dos candidatos ao proceso selectivo.



En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O Concello presentará a Oferta de Emprego ante a Oficina de Emprego de Cambados, para os postos que se convocan, o sistema de admisión de candidatos será os preseleccionados pola Oficina de Emprego o amparo do establecido no Artigo 12.1 da Orde de 19 de decembro de 2019, DOG. N° 14 do 22 de xaneiro de 202 mediante a presentación da correspondente oferta de emprego oficina de Emprego de Cambados,

2. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **Ámbito xeográfico:** Concello/os da entidade promotora do proxecto. **De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.**

b) **Número de candidatos a remitir:** **CINCO por posto**, que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados.

4. A oficina de emprego convocará os candidatos que resulten da dita sondaxe e comunicaralles a forma, lugar e prazo de presentación da solicitude e da documentación acreditativa dos seus méritos.

Sexta.- PUBLICIDADE DA OFERTA DE EMPREGO.

En caso de non ter candidatos suficientes na sondaxe que se realice poderase acordar a publicación da oferta de emprego nun periódico para unha maior difusión.

Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección consistirá na avaliación dos méritos á vista da documentación aportada, dos candidatos que cumpran cos requisitos mínimos establecidos nestas bases de selección, e que fosen preseleccionados pola Oficina de Emprego de Cambados

Oitava.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os candidatos, preseleccionados pola oficina de emprego para participar no proceso selectivo, deberán presentar a súa solicitude preferentemente segundo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude) xunto coa documentación que probe os méritos alegados, no Rexistro electrónico do concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) dentro do prazo que se estableza no anuncio, que se publicará nos taboleiros de anuncios do Concello e que se fará constar na citación que reciban da Oficina de Emprego.

A estes efectos os prazos de presentación das solicitudes publicitaranse na sede electrónica do Concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) para o coñecemento dos/as aspirantes.

Se non se optase pola presentación da solicitude de xeito electrónico, poderase facer de xeito presencial, nas datas que se indiquen, a estes efectos poderase establecer o sistema de cita previa e os mecanismos necesarios para a presentación das solicitudes de xeito ordenado e garantindo as medidas de seguridade e distanciamento social recomendadas polas autoridades por mor da crise sanitaria da Covid-19



1.-Acreditación de requisitos e méritos:

a)-A EXPERIENCIA PROFESIONAL acreditarase:

- Traballo por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos de traballo onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que conste os servizos prestados.

- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b)-A FORMACIÓN.

Acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

2.Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á publicación da lista provisional dos admitidos e excluídos, fíxándose o prazo para formular se fose o caso alegacións, publicándose no taboleiro de anuncios do concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Oficina de Emprego de Cambados.

3.Rematado o prazo de alegacións e resoltas se fose o caso as alegacións formuladas, publicarase do mesmo xeito e a relación definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non existir aspirantes excluídos a lista provisional elevarase a definitiva de forma automática.

Novena.- BAREMOS

Os Baremos para cada unha das prazas convocadas figuran como anexo a estas bases.

Décima.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o Tribunal de Selección realizará unha baremación dos méritos alegados polos candidatos atendendo os Baremos que se adxuntan as presentes Bases de Selección.

A relación de candidatos coa puntuación provisional correspondente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Oficina de Emprego de Cambados, establecendo prazo dun día habil para formular alegacións a este respecto.

Rematado o prazo de alegacións, e unha vez resoltas as alegacións formuladas se fose o caso publicarase a lista definitiva dos candidatos por posto e por orde de puntuación, a lista de reserva así como a proposta de contratación.



Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo terceira.

Décimo primeira.- CONTRATACIÓN.

Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, os candidatos con maior puntuación en cada praza deberán nun prazo máximo de 2 días naturais, contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, comunicar por escrito á entidade promotora a súa aceptación ou renuncia á praza, se transcorrido devandito prazo non se confirma a aceptación da praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adjudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

O concello formalizará os correspondentes contratos de traballo temporais por obra ou servizo cunha duración igual a do Proxecto, **9 meses**, con todos os candidatos seleccionados, os que lles será aboado as retribucións establecidas no anexo II. Punto 6.1 do proxecto do obradoiro de emprego Cambados Rutas Xacobeas Camiño de Santiago, e que se detalla deseguido, no que están incluídos os seguintes conceptos retributivos: Salario Base, e a parte proporcional das pagas extraordinarias de xullo e decembro.

- **Director/Directora, as retribucións serán de 1976,80 € brutos mensuais**
- **Titor/Titora, as retribucións serán de 1670,87€ brutos mensuais.**
- **Docente do módulo de Xardinería Forestal, as retribucións serán de 1646,87 € brutos mensuais.**
- **Docente do módulo de Albanelería, as retribucións serán de 1646,87 € brutos mensuais.**
- **Persoal Administrativo as retribucións serán de 1.177.37 € brutos mensuais.**

Décimo segunda.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desempleado.
- 2.º A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- 3.º A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 4.º A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- 5.º A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 6.º A puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

Décimo terceira.- LISTA DE RESERVA.

Rematado o proceso selectivo, e tal como se establece na Base décimo primeira, propoñerase unha lista de reserva, integrada polos candidatos que, obtiveren as seguintes mellores puntuacións ás dos candidatos propostos para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se poidan producir unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

De non haber candidatos, iniciarase un novo procedemento selectivo.



BAREMO DIRECTOR/DIRECTORA

REQUISITOS MÍNIMOS:

1. -TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
2. -EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS: En dirección o xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas) e/ou Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (agás funcións de orientación e docencia).

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00

1. 1.1 Cursos de 30 horas a 299 horas.....máximo 0,80
Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10

Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20

2. 1.2 Cursos de 300 horas ou máis.....máximo 1,80
Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
Cursos a partir de 600 horas.....0,60

3. 1.3 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60

1.4 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados ()**

2.1.- Nos últimos 10 anos:

2.1.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,08.....máximo 5,00
2.1.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,07.....máximo 5,00
2.1.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes.....0,07.....máximo 4,00

2.2.- No resto da súa vida laboral:

2.2.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,03.....máximo 2,50
2.2.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,03.....máximo 2,50
2.2.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes.....0,03.....máximo 2,00

3.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,25

3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05
3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10
3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,25



3.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0.25

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

4.- **DESEMPREGO.** Non melloras de emprego.....**PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato .

(**) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxecto

BAREMO TITOR/TITORA

REQUISITOS MÍNIMOS PARA SUPERAR ESTA FASE:

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE **24 MESES** SEGUNDO BAREMO NOS ÚLTIMOS 10 ANOS.
- **COMPETENCIA DOCENTE** (Certificado de Profesionalidade) *de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, OU 6 meses de EXPERIENCIA EN TITORÍA* en Obradoiro de Emprego.

* Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

***Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

1.- TITULACIÓN**PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,75**

1.1 Lcdo. en Pedagogía ou Psicopedagogía.....0,75

1.2 Lcdo. en Psicoloxía.....0,50

2.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

1. Cursos relacionados co posto.....máximo 1,00

Cursos de 30 a 99 horas.....0,10

Cursos de 100 a 299 horas.....0,20

Cursos de 300 a 599 horas.....0,40

Cursos a partir de 600 horas.....0,60

2.2 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60

Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60

2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA **PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**

3.1 Certíficade profesionalidade de Formador Ocupacional.....máximo 0,40



3.2 CAP ou equivalente.....máximo 0,25

3.3 Máster en Profesorado de Educación.....máximo 0,50

4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,90

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (**).

4.1.- Nos últimos 10 anos:

4.1.1. Experiencia en funcións titorias nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,08.....máximo 5,00

4.1.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.

Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00

4.2.- No resto da súa vida laboral:

4.2.1. Experiencia en funcións titorias nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50

4.2.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.

Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50

5.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO..... PUNTUACIÓN MÁXIMO 0,25

5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05

5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10

5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,25

5.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,25

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

**6.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10
NOTAS IMPORTANTES PARA A BAREMACIÓN**

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.

- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.

- Os cursos que non especifiquen o **contido e número de horas** non se contabilizarán.

- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que séxalle máis favorable.

- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.

- No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

- Non se terá en conta aquela experiencia docente non relacionada co posto.

(*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina



BAREMO EXPERTOS-DOCENTES

REQUISITOS MÍNIMOS

- **TITULACIÓN E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE NOS ÚLTIMOS 10 ANOS**, MÍNIMO OFICIAL 1ª, NO ÁMBITO EMPRESARIAL OU DE OBRADOIROS DE EMPREGO/ESCOLAS OBRADOIRO.
- **COMPETENCIA DOCENTE** (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*)

* Estarán exentos do certificado de profesionalidade:

- a) Licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de grao no ámbito da Psicología ou da Pedagogía ou postgrao nos citados ámbitos.
- b) Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos *600 horas nos últimos sete anos* en formación profesional **para o emprego ou do sistema educativo**.

TITULACIÓNS E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUÍRIDAS ÓS EXPERTOS-DOCENTES NAS DISTINTAS ESPECIALIDADES

- a) **DOCENTE DO MODULO DE XARDIÑERÍA- FORESTAL.AGAO0108/AGAR0309. Nivel 1**

**** EXPERTO EN ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDINS E CENTROS DE XARDINERÍA -N1**

**** EXPERTO EN ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES -N1**

Requírese 2 anos de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida . e estar en posesión do Carné de Manipulador de produtos fito sanitarios.

As Titulación requirida, son as establecidas nos Reais Decretos que rixen os mencionados certificados

- Enxeñeiro de Montes
- Enxeñeiro Agrónomo

- Enxeñeiro Técnico Forestal
- Enxeñeiro Técnico Agrícola
- Licenciatura Bioloxía
- Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos
- Técnico en Xardinería.

- B) **DOCENTE DO MODULO DE ALBANELERÍA . EOCB0109/EOCB0208. Nivel 1**

**** EXPERTO EN OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN -N1**

**** EXPERTO EN OPERACIÓNS AUXILIARES DE ALBANELERÍA DE FABRICA E CUBERTAS -N1**

Requírese 2 anos de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida . e estar en posesión do Carné de Manipulador de produtos fito sanitarios.

As Titulacións requiridas son as establecidas nos Reais Decretos que rixen os mencionados certificados

- Estudios Universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico e Técnico Superior de FP da Familia Profesional de Edificación e Obra Civil
- Certificado de Profesionalidade de nivel 2 e 3 da Familia Profesional de Edificación e Obra Civil (Área Profesional de Albanelería e Acabados).

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada)

PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50



- Titulación académica requirida, relacionada coas funcións a desenvolver.....Máximo 1,50
- Outra titulación distinta á requirida, sempre relacionada coas funcións a desenvolver.....Máximo 1,00

2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos Puntuación Máxima 1,50

2.1 Cursos relacionados co posto _____ Máximo 1,50

- Cursos de 30 a 99 horas: 0,10
- Cursos de 100 a 299 horas: 0,20
- Cursos de 300 a 599 horas: 0,40
- Cursos a partir de 600 horas: 0,60

2.2 Cursos en Prevención de Riscos . Só se valorará o grao superior alegado _____ Máximo 0,60

- Básico xeral: 0,10
- Medio: 0,40
- Superior: 0,60

2.3 Cursos de Informática: coñecementos nivel de usuario _____ Máximo 0,40

- Cursos de 30 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos a partir de 100 horas: 0,40

3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) Puntuación Máxima 6,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

3.1.- Nos últimos 10 anos:

- Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,08 _____ Máximo 5,00
- Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.
Por cada mes, 0,07 _____ Máximo 3,50
- Experiencia Profesional. Por cada mes, 0,07 _____ Máximo 5,00

3.2.- No resto da súa vida laboral:

- Experiencia en EO/OE ou CO. na especialidade. Por cada mes, 0,03 _____ Máximo 2,50



- Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.

Por cada mes, 0,03 _____ Máximo 1,75

- Experiencia Profesional. Por cada mes, 0,03 _____ Máximo 2,50

(*) A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO

PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,25

- Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente: 0,05
- Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente: 0,10
- Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente: 0,25
- Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo: 0,25

Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego

PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo

BAREMO DO POSTO ADMINISTRATIVO

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

Experiencia Profesional de 12 meses como Administrativo ou Auxiliar Administrativo, nos últimos 10 anos e Titulación de Técnico Superior ou equivalente na Familia de Administración.

- ◆ Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior
- ◆ Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.....Puntuación máxima 5,40 puntos



1.1. Nos últimos 10 anos:

a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:

Por cada mes 0,12 puntos.....Máximo 4,50 puntos

b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:

Por cada mes 0,10 puntos.....Máximo 4,50 puntos

1.2. No resto da súa vida laboral:

a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:

Por cada mes 0,06 puntos.....máximo 2,25 puntos

b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:

Por cada mes 0,05 puntos.....máximo 2,25 puntos

2.- FORMACIÓN EN INFORMÁTICA (*)Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 50 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos
- De 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos

3.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (*):Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: 0,05 puntos
- De 50 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos

(*) Os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorarán aqueles feitos nos derradeiros 10 anos e teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Non serán valorados, por separado, módulos ou unidades integrantes dun título.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:..... Puntuación máxima 0,50 puntos

- Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente: 0,10
- Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente: 0,25
- Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente: 0,50
- Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo: 0,50

Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

5.- DESEMPREGO: Non melloras de emprego..... Puntuación máxima 0,10 puntos

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO



- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexa máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato .

ANEXO I. SOLICITUDE



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE : DIRECTOR/DIRECTORA , TITOR/ TITORA, DOCENTES E PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE APOIO DO OBADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO "CAMBADOS RUTAS XACOBEAS, CAMIÑO DE SANTIAGO" PROMOVIDO POLO CONCELLO DE CAMBADOS

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/A CANDIDATO/A

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

O/A CANDIDATO/A, cuxos datos constan no apartado anterior **SOLICITA** ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de dentro do OBRADOIRO DE DUAL DE EMPREGO denominado "CAMBADOS RUTAS XACOBEAS, CAMIÑO DE SANTIAGO " promovido polo CONCELLO DE CAMBADOS, e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

COMPETENCIA DOCENTE.

TITULO	DATA TITULO	

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	DATA TITULO	

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA REALIZADA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS (Cursos de máis de 20 horas)

NOME CURSO	CENTRO / ORGANISMO	HORAS	DATA	



FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

NOME CURSO	CENTRO / ORGANISMO	HORAS	DATAS	

FORMACIÓN INFORMÁTICA

NOME CURSO	CENTRO / ORGANISMO	HORAS	DATAS	

EXPERIENCIA LABORAL EN ESCOLAS OBRADOIRO-OBRAIDROIS DE EMPREGO

OBRADOIRO / ENTIDADE	ESPECIALIDADE IMPARTIDA	DATA INICIO-FIN	

EXPERIENCIA LABORAL EN FORMACION OCUPACIONAL OU REGRADA (DOCENCIA)

ENTIDADE/CENTRO	ESPECIALIDADE	DATA INICIO-FIN	

OUTRA EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA

EMPRESA/ENTIDADE	POSTO E CATEGORÍA	DATA INICIO-FIN	

CURSOS DE GALEGO (Indicar só o curso de maior nivel realizado/homologado)

CURSO / DIPLOMA / NIVEL	CENTRO	DATA	

SITUACIÓN DE DESEMPREGO (NON SE CONSIDERA A SITUACIÓN DE MELLORA DE EMPREGO)

SI	NON	

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

Data e sinatura:



ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____ Nome _____
DNI _____ Teléfono de contacto _____ Correo _____

Como candidato seleccionado para o posto de do Obradoiro de Emprego

“CAMBADOS RUTAS XACOBEAS CAMIÑO DE SANTIAGO.”

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

_____ , _____ de _____ de 2020

Sinatura:

